

VIII CERTAME DE RELATO CURTO "Xosé Neira Vilas"



Dpto. de Educación e Cultura/ Biblioteca municipal
Email: cultura@boqueixon.com. Tfno. 981513115



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Neira Vilas e o CPI Antonio Orza Couto, organiza o VIII Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas”, co obxectivo de potenciar a lectura e a creatividade literaria e promover a lingua galega escrita como medio de creación e comunicación.

BASES

PRIMEIRA: QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán concorrer a este certame rapaces e rapazas de Boqueixón ou que cursen estudos de Primaria (dende 3º curso) ou Secundaria neste concello.

SEGUNDA: QUE CATEGORÍAS SE ESTABLECEN?

1ª categoría: 3º e 4º de Primaria

2ª categoría: 5º e 6º Primaria

3ª categoría: Secundaria

TERCEIRA: COMO TEÑO QUE ESCRIBIR O RELATO?

Tema: Libre.

Formato: Os traballos serán orixinais, inéditos e de autoría propia, escritos a ordenador. O texto será en galego e debe incluír o título e unha historia real ou ficticia, podendo incluír ilustracións.

Non poderán participar traballos premiados noutros concursos e certames similares.

Extensión: mínima de 40 liñas para os de 1ª e 2ª categoría e de 60 liñas para os de 3ª categoría. Letra Calibri, tamaño letra 12.

CUARTA: CANDO, COMO E ONDE DEBEN PRESENTARSE?

A data de presentación dos traballos rematará o **día 21 de abril de 2022**, podendo entregalos na biblioteca municipal ou no CPI Antonio Orza Couto..

Co fin de garantir o anonimato, cada traballo irá identificado coa categoría á que opta (1ª, 2ª, 3ª) e un pseudónimo (nunca nome real). Nun sobre pechado que irá grampado ao texto introducirase a ficha de participación cos datos correspondentes.

QUINTA: QUEN VALORARÁ OS RELATOS?

O xurado do concurso estará composto por un/unha representante do concello designado/a polo alcalde, un/unha representante do CPI Antonio Orza Couto, un/unha representante da Fundación Neira Vilas e unha persoa do ámbito cultural municipal.

O seu fallo, de carácter inapelable, farase público, a través da web municipal e comunicando persoalmente a cada un dos/as galardoados/as.

Se nalgunha categoría non se considerasen os traballos presentados coa suficiente calidade, o xurado poderá considerar o/os premio/-s deserto/-os.

O concello e o xurado están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante algún imprevisto non recollido nestas bases.

A participación neste certame supón a aceptación das presentes bases.

SEXTA: QUE PREMIOS HAI?

Por cada categoría estableceranse os seguintes premios:

1º premio: diploma + vale 125 € en material escolar+ libro editado

2º premio: diploma + vale 100 € en material escolar+ libro editado

3º premio: diploma + vale 75 € en material escolar+ libro editado

A entrega de premios terá lugar nun acto con motivo do Día das Letras Galegas 2022.

O concello reservase todos os dereitos para o emprego, reprodución e difusión dos relatos premiados. Realizarase unha edición compilatoria no que se recollerán os textos galardoados en cada categoría.